

Unha reflexión sobre as novas masculinidades e os estereotipos de xénero

O primeiro álbum escrito e ilustrado pola graduada en Educación Infantil Ana López Quintela (Santiago, 1997) aposta polas novas masculinidades e reflexiona, a través da historia de Antón, sobre os “roles” de xénero.

TEXTO CONTRACAPA

*Antón aínda non ten un ano,
por iso pouco fala,
así que descoñecemos
se lle gustarán os trens ou as fadas.*

CLAVES PARA A LECTURA


Por que, se é neno, hai que asignarlle a cor azul e, se é nena, a cor rosa”?

Por que, se é neno, tenlle que gustar o fútbol e se é nena, a danza?

Velaquí un conto que se formula todas estas preguntas e que aposta pola transformación das “vellas” masculinidades e dos estereotipos de xénero.

Así o resume a súa autora, Ana López Quintela:

«A literatura infantil é unha das armas máis bonitas e delicadas que temos para a transmisión de valores na primeira infancia. Cando naceu o meu afillado quixen facerlle un agasallo, este conto. Xorde pola miña preocupación ante a desigualdade que aínda estamos a vivir hoxe, malia os avances: as crianzas, dende moi pequenas, xa se ven influenciadas polos ‘roles’ de xénero, por uns esquemas que temos fixados as persoas adultas sobre o que se considera axeitado ou non axeitado, e que transmitimos dun xeito inconsciente. Este álbum ilustrado contén pois unha mensaxe: cada persoa ten a liberdade de elixir que a define, independentemente de como se identifique».



➔ Idade de interese: +3 ➔ Nivel de lectura: +5

ANA LÓPEZ QUINTELA naceu en Santiago de Compostela en 1997. Gradouse en Educación Infantil pola Universidade de Santiago de Compostela, onde participou como colaboradora no Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC no proxecto coordinado por Jorge García Marín: *As violencias e violencias sexuais contra as mulleres na actualidade. Investigación de tipo disgnóstico da situación das usuarias dos CIMs en Galicia*. Así mesmo, seguindo na liña de xénero, elaborou un Traballo de Fin de Grao profundando na Pedagogía Crítica a través da literatura infantil, propoñendo unha unidade didáctica que parte dos contos como medio para fomentar o sentido crítico no alumnado de cara ás desigualdades sociais. *Na busca de Antón* é a súa primeira obra.



FICHA TÉCNICA ISBN 978-84-18567-00-1
Pp: 32. Formato: 22,5 x 21,5 cm Cartonado.
Cosido a fio. PVP: 14 €



EDITORA
alvarellós

verdemar@alvarellós.info
981522137 - 609908852